

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria do pleno nº 01/17

Data 16-02-2017

Acta anterior 27-12-2016

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D. José Emilio Mahía Neira

D^a María del Carmen Torreiro Cotos
(non permanece toda a sesión)

D. Jesús Gómez García

D. José Antonio Cotos Seoane

-D^a. Marta García Sánchez

D. Álvaro Xesús García Freire

Concelleiros non asisten:

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 01/2017

Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día dezaseis de febreiro de dous mil dezasete.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e un minuto do día dezaseis de febreiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai inicialmente tres cidadás presentes en calidade de público, aos que se suma outro no transcurso da sesión. Só dous deles están ata o final.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria

do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación de actas anteriores (00' 33")

Antes de que o alcalde poida iniciar o estudo deste punto interrómpeo o portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane para protestar, en resume, porque non se celebrou, nin se lles comunicou, que o pleno ordinario non se ía celebrar o día que correspondía o xoves anterior (segundo o pleno de organización do concello de data 26-06-2015 que le). En resume, José A. Cotos comenta que xa van varios plenos en que está suceder así e non se lles avisa de que non se vai celebrar o que lles causa problemas no traballo. Contesta o alcalde que a causa motivada de que non se puidese celebrar foi a necesidade de preparar a documentación do POS+ 2017 e que xa sabíades que se non se celebra o segundo xoves, celébrase o terceiro, pedindo desculpas por non ter avisado. Tras un breve debate, en que tamén intervén a concelleira do BNG Marta García Sánchez e concelleiro do mesmo grupo Álvaro García Freire, que cuestionan que o pleno estea legalmente convocada, continúaase co punto de aprobación das actas anteriores.

A continuación (05' 25") o alcalde informa das actas do pleno remitidas para a súa aprobación dende as últimas presentadas, que, erroneamente, numera como as número 10 e 11 (claramente estase referindo ás 11, do 13-10-2016 e a 12 do 15-12-2016).

O portavoz do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane quere aclarar sobre a *acta do 13-10-2016 (número 11) e o punto 4. Rogos e preguntas, apartado G Protección de datos no Rexistro de entrada*. O alcalde interrómpeo para dicir que nin José A. Cotos nin Marta García

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Sánchez, viñeron pola oficina a escoitar a gravación en presenza do secretario. Contesta Marta García que eles quedaron en volver a escoitar a gravación, non que a ían escoitar no concello, nin en presenza do secretario, ratificándose, despois de escoitala, en que eles o que dixeron é que a información saíra do concello, non da oficina.

Iniciase unha discusión sobre o que se dixo nese momento entre o alcalde, Fernando Pérez Fernández, e os concelleiros do BNG xa mencionados, repetindo os mesmos argumentos e ofrecendo José A. Cotos que se pode escoitar a gravación e acusándose mutuamente de ter un problema entre mans.

A continuación José A. Cotos di que na sesión anterior anterior o alcalde dixo que escoitara varias veces a gravación para construír a acta, intervindo o secretario do concello que as actas redáctaa el e que non as constrúe ninguén con el, e aclarando o alcalde que el dixo que a escoitara tres ou catro veces, como as escoita o BNG, pero non para influenciar ao secretario, evidentemente.

Marta García Sánchez di que quere que conste que eles (José A. Cotos e ela mesma) non están de acordo coa redacción pois malinterpretáronse as súas palabras, polo que votarán en contra e queren que conste.

Finalmente (12' 20") o alcalde somete a votación a aprobación das actas 11 e 12 (como xa se anotou, por erro menciona as 10 e 11), co seguinte resultado:

Apróbase a acta 11-16 de data 13-10-2016 con seis votos a favor (PP) e dous en contra (BNG), que explican o seu voto. O concelleiro Álvaro García Freire (BNG) non vota pois daquela aínda non tomara posesión.

A explicación do voto de José A. Cotos Seoane e de Marta García Sánchez (BNG) é que non están de acordo coa redacción pois malinterpretáronse as súas palabras.

Apróbase a acta 12-16 de data 15-12-2016 por unanimidade dos asistentes.

Durante a votación aclárase finalmente a numeración e datas correspondentes ás actas que se aproban.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (15' 15")

O alcalde dá conta das actas remitidas da Xunta de goberno local, ata a número 27-16 (última de 2016) e a 1/17, do 12-01-2017, incluída, o que confirman os concelleiros presentes que é certo.

3.- Aprobación, no seu caso, do plan da deputación provincial denominado POS+ 2017. (16' 06").

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández, dá conta da documentación remitida en relación á subvención que se pensa pedir á deputación provincial no Plan+ 2017, da cal se remitía a

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

proposta de acordo con indicación de todas as cantidades que se pensan incluír, explicando brevemente en que consiste o plan, indicando, en resume, que na achega 2016 inclúese o pago a provedores e un investimento (que cita) pola cantidade restante, no préstamo provincial 2017 inclúese unha amortización e unha obra (que cita) pola cantidade restante, entregando unha copia dunha memoria das obras e que na achega 2017 inclúese honorarios por redacción de proxectos e achegas a subvencións doutras administracións, quedando o restante como gastos correntes.

Engade que, se quitáramos o préstamo provincial, que non pedimos en anos anteriores, o concello, cos datos de hoxe, tería menos cantidade, que calcula nuns 65.000,00 euros. O ano pasado, 2016, tiñamos 367.122,00 euros, e hoxe, sen o préstamo, 302.000,00 euros.

A deputación obriga a facer un mínimo do 20% en proxectos complementarios, en previsión de baixas e/ou incrementos no plan+ 2017, describindo as obras que se van pedir neste apartado.

A continuación describe as obras que irían en achegas a outras administracións.

Transcorridos (27' 36") toma a palabra Álvaro García Freire (BNG) quen di que non é certo que teñamos menos cartos có ano pasado e que as contas están mal botadas, pois se fala de cantidades distintas, xa que no ano 2016, explica en resume, cóntase o total do que houbo e no 2017 son uns datos iniciais, pendentes de incluír as posíbeis remanentes e baixas, co que asegura que vai haber bastantes máis cartos e que, se o ministerio deixa gastar as remanentes, Vilasantar vai estar bastante mellor do que está. Indica que os concellos pequenos están a ser favorecidos e que se manteñen as subvencións a traballadores, iniciándose un debate co alcalde en que ambos, significativamente, se manteñen nos seus argumentos, queixándose o alcalde da falta de concreción dos datos de Álvaro, quen contesta que o alcalde está mixturando datos distintos ao incluír os datos totais do 2016 e que a comparación máis axustada sería co 2014 (ultimo plan da anterior corporación provincial)

Transcorridos (31' 38") toma a palabra José Antonio Cotos Seoane (BNG) quen pregunta se hai correspondencia entre os datos dos pagos a provedores e o recoñecemento extraxudicial de créditos previsto neste mesmo pleno e estudado na última comisión de contas, contestando o secretario, de orde do alcalde, que son conceptos distintos pois o pago a provedores teñen que ser facturas cunha determinada antigüidade, que cerramos a 14 de outubro de 2016, e que é obrigatorio incluílas, e o recoñecemento extraxudicial de crédito son facturas que se debían de ter pagado pero que, por calquera motivo, non foron aprobadas no exercicio que lles correspondía, por iso algunhas coinciden (as anteriores a esa data) e outras non.

A continuación intervén o alcalde para criticar que a deputación esixa que as facturas leven tres meses de atraso no pago, máis o mes que hai para pagalas, cando, sen embargo, no cálculo do período medio de pago xa empezan a contar como incumprimento a partir do primeiro mes. Tamén comenta que segundo lle dixeran na deputación, Vilasantar non ten tantos problemas, neste apartado, como outros concellos da provincia, contestándolle Álvaro García Freire que este programa a Vilasantar vaille vir ben para regularizarse, recoñecéndollo o alcalde pero matizando que se podía mellorar. Contesta Álvaro que vai ser un bo programa para o concello e que Vilasantar que non será dos peores concellos, pero si é dos que ten máis problemas.

A continuación José A. Cotos Seoane (BNG) solicita unha concreción das cantidades do

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

recoñecemento extraxudicial de créditos que tamén se inclúen no pago a provedores, indicándolle o secretario na relación cales son as que se inclúen e cales quedan excluídas, segundo a data de presentación.

Transcorridos (38' 19") toma a palabra José Antonio Cotos Seoane (BNG) quen pregunta, en relación ao gasto corrente, como está calculado o gasto do persoal adicado a mantemento de auga e de vías, se é un só traballador. Contesta o secretario, a petición do alcalde, que si, que iso é o que figura na documentación, contestando José A. Cotos Seoane que non ve unha persoa dedicada unicamente á auga un ano, intervindo o alcalde para dicir que si, que a auga é unha xestión directa do concello e que Francisco está destinado directamente a auga, todo o día, abríndose un debate sobre se non fai outras cousas a parte da auga.

Álvaro García Freire pregunta se os datos se sacaron da previsión de anos anteriores, contestándose que si, e abríndose un debate, parecéndolle moi altos os datos a Álvaro García Freire e que non se corresponden coa realidade a José A. Cotos Seoane, contestando o alcalde que son os datos que temos e, ante a insistencia do concelleiro do BNG, solicita que quede constancia de que José A. Cotos Seoane considera que os datos non se corresponden coa realidade.

A continuación José A. Cotos Seoane (BNG) indica que con respecto ao alumeado público a cantidade que figura 51.000,00 € é moi alta, respondendo o secretario, a petición do alcalde, que os gastos de alumeado público son, basicamente, os gastos de mantemento e os de enerxía, dicindo José A. Cotos Seoane que quere os datos concretos, contestando o alcalde que son os datos que nos saen, que é unha previsión, ao que contesta o concelleiro José A. Cotos que a pregunta está sen responder o que provoca unha discusión co alcalde.

O concelleiro Álvaro García Freire (BNG) observa que non estaban os proxectos das obras a disposición dos concelleiros, e que seguen sen estar, considerando que, en consecuencia, non se van poder aprobar nesta sesión, contestando o alcalde que o que se pretende é aprobar o plan e precisando Álvaro García Freire que o acordo ten que incluír necesariamente a aprobación dos proxectos e non unha simple descrición, que non sería legal e que non está disposto a aprobar uns proxectos sen sequera velos, contestando o alcalde coa explicación de en que van consistir.

Álvaro García Freire pregunta explicitamente se legalmente é viábel votar a aprobación dos proxectos sen podelos estudar, explicando o alcalde que se trata de aprobar o POS+, e que pode haber variacións, por iso están as memorias explicativas de cada un (que le en boa parte, considerando que está ben explicado), pero non están os proxectos pechados, continuando o debate significativamente nestes mesmos termos.

Finalmente e a petición do alcalde o secretario informa que, ao non estar os proxectos aquí, non se poderían aprobar. O alcalde propón aprobar o POS+ 2017, deixando pendentes de aprobación unicamente os proxectos, contestando o secretario que deberían aprobarse os proxectos antes do día 24 de febreiro.

O concelleiro José A. Cotos Seoane (BNG) quere que conste explicitamente en acta que lle parece que se van pedir demasiada cantidade en gastos correntes. O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contéstalle indicando as cantidades dese caxetín (achegas 2017), que inclúe proxectos e achegas a

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

subvencións doutras administración, restando os aproximadamente 160.000 euros de gastos correntes, e hai que ter conta que se suprimen moitas liñas de axuda, como actividades culturais, envellecemento activo, etc, que calcula en sobre 70.000 euros. Engade que todos os anos pedimos sobre 60.000 euros en gastos correntes dentro dos POS, que dá sobre 130.000 euros. Pedimos 160.000 que supón meter sobre 30.000 euros de máis.

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández prantexa a votación, consistente en aprobar o plan+ 2017 tal e como consta na proposta remitida aos concelleiros, agás a aprobación dos proxectos das obras, pero si as cantidades de cada un, resultando aprobado con 6 votos a favor (PP) e 3 abstencións (BNG).

Álvaro García Freire precisa, unha vez rematada a votación, que as memorias valoradas non son propiamente tales, senón unhas follas en papel, contestando o alcalde que son unha descrición de cada obra, que corresponde co que normalmente, na súa opinión, se estuda dun proxecto, contestando Álvaro García Freire que el estuda a memoria pero tamén máis cousas.

4.- Nomeamento presidente/a de membro da mesa do contrato de Centro de Agricultura Ecolóxica. (58' 02")

A continuación o alcalde explica que o Comité de expertos que estaba a valorar a documentación técnica das plicas do contrato de Centro de Agricultura Ecolóxica xa realizou a proposta, pero neste momento a Presidenta da mesa, Montserrat Varela Vázquez, funcionaria do concello, está en excedencia e non pode ocupar o seu posto, non habendo máis funcionarios que podan ocupar o seu posto (os dous existentes son o secretario vocal asesor xurídico nato e a administrativa, que actúa de secretaria). A presidencia da mesa de contratación ten que exercela un funcionario ou un membro da corporación.

A continuación o alcalde le a proposta de acordo que ía unida a convocatoria e, en aplicación da Disposición adicional segunda, punto 10 do RDL 3/2011, do 14 de novembro (Texto refundido da lei de contratos do estado), propón:

-Nomear como presidente da mesa ao alcalde do concello Fernando Pérez Fernández

-Facultar ao alcalde do concello para substituír aos membros da mesa se fose necesario.

A continuación dálle a palabra aos membros da oposición que non interveñen.

A continuación sométese a votación a proposta, resultando aprobada, por unanimidade dos asistentes, nos seus propios termos.

5.- Inicio de expediente de concurso para concesión de licenza de autotaxi e aprobación do prego de cláusulas administrativas. (1h 01' 02")

A continuación o alcalde dá conta da situación do expediente de concurso para concesión de licenza de autotaxi e aprobación do prego de cláusulas administrativas que quedara pendente, na sesión de

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

15-12-2016, de consensuarse entre a oposición e o grupo de goberno. Tamén indica que hoxe mesmo reuniuse, como portavoz do PP, co representante do BNG, Álvaro García Freire, e a proposta que traemos é:

-Revocar a aprobación dos pregos pola alcaldía, de forma que a competencia volva ao pleno e aprobar o prego de cláusulas administrativas coa seguinte modificación:

No apartado de valoración (páxina 4/7), o punto 1 quitar a palabra “asalariado” (incluiría por tanto autónomos e asalariados) e o punto 2 redactalo do seguinte xeito: “2. Prestación do servizo de taxi no concello de Vilasantar. Ata 1 punto, 0,50 puntos por cada ano prestado”.

En canto ao punto 5 (páxina 5/7) e tras un breve debate, acórdase poñelo como, por cada hora/día que supere o número mínimo esixido (8 horas), obtería 0,50 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

Aclárase que así, para obter os 2 puntos, tería que facer 4 horas máis, se ben non de servizo efectivo, senón dispoñibilidade.

Neste momento, e antes da votación deste punto, a concelleira do PP, D^a María del Carmen Torreiro Cotos, abandona a sesión.

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete á votación a aprobación do Inicio de expediente de concurso para concesión de licenza de autotaxi e aprobación do prego de cláusulas administrativas (incluíndo as modificacións mencionadas), o cal resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.

6.- Aprobación, no seu caso, de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017. (1h 08' 25")

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández, dá conta do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017, ao cal se unen informes de secretaría e intervención, que inclúe a relación das facturas, e que está informado pola Comisión especial de contas con tres votos a favor e unha abstención. Comprende aquelas facturas que, por algunha razón, non foron aprobadas no seu exercicio.

Transcorridos (01h 09' 11") toma a palabra José Antonio Cotos Seoane (BNG) quen pregunta se, nas facturas de 2015 que se aproban, os provedores levan un ano e pico sen cobrar, contestando o alcalde que si, que son 3 de Electric Curtis e 1 de Fandiño, que as obras correspondentes xa están, obviamente, feitas.

A continuación intervén Álvaro García Freire (BNG) quen indica que non entende por que teñen que vir as facturas presentadas hai pouco, que entende que debían ser tramitadas normalmente, que os concellos normalmente non fan recoñecementos extraxudiciais de crédito de facturas do ano anterior, poñendo como exemplo á Deputación provincial, que en calquera caso haberá que pagalas, polo que non imos pór problemas. Tras un breve debate ratifícase en que, estas facturas que claramente non deu tempo a tramitar, se debían meter no orzamento do exercicio actual, sen máis.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación pregunta se as dúas facturas de Fandiño, en Xafeita, se corresponden a un único traballo, contestando o alcalde que non, que foron dous traballos distintos, un dunha pista da parcelaria e outra dunhas cunetas que houbo que amañar. Finalmente quéixase de que algunhas facturas teñen na relación denominacións xenéricas, contestando o alcalde que as facturas estaban na secretaría para velas.

A continuación (01h 14' 11") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete á votación o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017, o cal resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.

7.- Dación de conta da remisión ao Minhap da execución trimestral 4 Tr de 2016. (1h 14' 25").

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández, dá conta da remisión ao Minhap da execución trimestral 4 Tr de 2016, aclarando que os datos son, obviamente, unha previsión dos que sairán definitivamente na liquidación, pero que os datos inicialmente son positivos, na estabilidade, regra do gasto (moi axustado) e débeda. O remanente de tesourería é negativo.

Transcorridos (01h 15' 22") toma a palabra José Antonio Cotos Seoane (BNG) quen aclara que apenas tivo tempo de mirala por riba e comenta que a débeda viva está en 342.000 euros e que se lle sumamos as facturas do recoñecemento extraxudicial que acabamos de facer (371.000) supera á do ano pasado, producíndose un breve debate co alcalde, quen considera que estamos cumprindo en materia de débeda.

Ao ser dar conta da remisión non se produce ningunha votación e a corporación toma coñecemento dos datos do cuarto trimestre remitidos ao Minhap.

Mocións (1h. 17' 30").

A continuación dáse conta das seguintes mocións:

A/ Moción presentada por Rexistro de entrada 161 de data 08-02-2017 para demandar un sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos de Galiza (1h. 17' 35").

A moción, presentada en PDF polo grupo municipal do BNG, únese como anexo I á presente acta.

O portavoz do BNG José A. Cotos Seoane, le as propostas de acordo, que xa constan no anexo.

A continuación (1h. 20' 05") toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández quen considera que os prantexamentos do seu grupo son distintos pois difiren na análise da realidade, que Galicia non recadaría tanto como di a moción, non coinciden nos datos, mencionando que xa hai unha pequena axencia tributaria, ou mencionando que o Foro de economía de Galicia valora que perderíamos sobre 1.000 millóns de euros de depender os nosos recursos só da nosa capacidade de recadación propia.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Engade que o seu grupo non fala de territorios nin de resolver problemas identitarios coa política fiscal, senón de persoas, de prestar servizos en igualdade de condicións. E que o seu grupo defende o estado das autonomías e o BNG non. Finalmente propón as medidas que terían que darse no actual sistema (especialmente centradas no envellecemento e a dispersión).

Resume que non están de acordo coa moción.

Transcorridos (1h. 23' 41") toma a palabra Álvaro García Freire (BNG) replicando que, na súa opinión, defendemos modelos distintos, pero non tan distintos, de feito o presidente da Xunta de Galiza defende para Cataluña o modelo que se propón na moción. Neste momento non falamos do modelo autonómico, só defendemos que queremos o mesmo modelo que Navarra e o País Vasco. Queremos por enriba da mesa o espolio que está a sufrir Galiza, que, por exemplo, non recadamos nada de Inditex, din das eléctricas, que tributan todas en Madrid. Nós propomos que podamos recadar e xestionar en que gastamos.

A continuación (01h 26' 14") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete á votación a moción para demandar un sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos de Galiza a cal resulta rexeitada por tres votos a favor (BNG) e cinco en contra (PP).

B/ Moción presentada por Rexistro de entrada 162 de data 08-02-2017 para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos (1h. 26' 24").

A moción, presentada en PDF polo grupo municipal do BNG, únese como anexo II á presente acta.

A portavoz do BNG Marta García Sánchez le os parágrafos máis significativos da moción e a propostas de acordo, que xa constan no anexo.

A continuación (01h 28' 42") toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández quen contesta, en resume, que, en referencia aos cortes unilaterais de luz ás familias, o goberno e máis o PSOE pecharon un acordo a finais de decembro de 2016 para prohibilos por lei, e estase estudando estendelo tamén á factura do gas.

Sobre a tarifa eléctrica galega di que Galicia é, certamente, unha grande potencia produtora e por iso estase a beneficiar de investimentos, empregos, etc. Por tanto a proposta do BNG non di toda a realidade, pondo o exemplo de Extremadura e as dúas Castelas que exportaron máis enerxía que Galicia no 2015. Considera que o prezo ten que fixalo o mercado non o lugar de produción.

Nós pensamos dende a perspectiva do local, que sería mellor esixir a Fenosa que pague polos tendidos eléctricos, ou que faga as limpezaas do cableado eléctrico.

Engade que vós pensades só en Galicia pero nós temos que pensar no conxunto do país e temos que ter en conta que imos ter que entrar nun mercado único europeo.

A seguir, critica a política seguida polo bipartito e polo PSOE, contraendo que agora hai bono social, expedientes seleccionadores, etc.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación (01h 33' 44") toma a palabra Marta García Sánchez (BNG) quen indica que eles queren prezos xustos e que se pagamos as laranxas máis caras cós valencianos queremos a luz máis barata, sen os prezos do transporte, discutíndolle o alcalde que as laranxas sexan máis caras e que hai que ter en conta a solidariedade entre comunidades. Intervén Álvaro García Freire para matizar que o País Vasco ten prezo diferenciado.

A continuación (01h 35' 08") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete á votación a moción para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos, a cal resulta rexeitada por tres votos a favor (BNG) e cinco en contra (PP).

C/ Declaración de urxencia da moción presentada por Rexistro de entrada 208 de data 16-02-2017 relativa á distribución dos recursos da Xunta de Galiza aos concellos con criterios obxectivos e transparentes (1h 35' 29").

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández, dá conta da presentación, unha hora antes da celebración deste pleno, dunha moción urxente polo grupo municipal do BNG relativa á distribución dos recursos da Xunta de Galiza aos concellos con criterios obxectivos e transparentes. El e o seu grupo consideran que non é unha moción urxente e que queren estudala con tempo e que, ademais, consideran que o debate, tanto no que di como no que se refire ao POS+ sería moi longo, por tanto van votar en contra da declaración de urxencia.

Seguidamente (01h 35' 55") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete á votación a Declaración de urxencia da moción presentada por Rexistro de entrada 208 de data 16-02-2017 relativa á distribución dos recursos da Xunta de Galiza aos concellos con criterios obxectivos e transparentes, a cal resulta rexeitada por tres votos a favor (BNG) e cinco en contra (PP).

7.- Rogos e Preguntas (1h 36' 17").

Antes de empezar este punto o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández informa a de que primeiro vai contestar as primeiras preguntas presentadas por correo electrónico o día 7 e febreiro, despois ás tres preguntas presentadas por correo electrónico despois da convocatoria do pleno, e finalmente ás preguntas pendentes do pleno anterior

A/ Preguntas presentadas por escrito antes da convocatoria do pleno.

A continuación dáse conta das seguintes preguntas presentadas por correo electrónico en escrito RE 160 de data 08-02-2017 e que se reproducen a seguir:

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com



O GRUPO MUNICIPAL do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

formula as seguintes preguntas para a súa resposta en pleno

1. No último pleno apróbase unha modificación de crédito que foi publicada no BOP con data 11/01/2017, tendo de prazo 15 días para alegacións. Cando se considera que entra en vigor e con que efectos este modificativo?
2. O alcalde nun pleno anterior presentou uns albaráns do boletín municipal que foron incluídos nunhas facturas. Estas facturas utilizaráronse para xustificar unha serie de subvencións e como esas facturas non cumpren o obxecto da subvención, queremos saber se xa se procedeu a regularización destas xustificacións?
3. Nos últimos tempos ademais de ver como incrementamos a realización de proxectos externos de obras, comprobamos que se está realizando unha avaliación de calidade das obras. Cales son as razóns destas contratacións?
4. No pleno nº 11-16 hai un compromiso de realizar unhas tomas de auga no campo de festa de Vilasantar. Cal é a previsión para realizar a obra?
5. Un ano máis seguimos pagando as facturas do aluguer de finca para a escola de agricultura ecolóxica. Cales son as razóns de continuar con este gasto de alugueiro?
6. O Concello está pagando unhas facturas de saneamento en Sesmonde a unha empresa privada; o mesmo tempo nun pleno anterior se nos di que os veciños están pagando este saneamento. Como se factura o servizo aos veciños?
7. En días pasados produciuse unha visita da Conselleira de Infraestruturas e Vivenda ao concello de Vilasantar. Cal son as razóns de que non se convidaran aos concelleiros da oposición?

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

8. Nesta visita fíxose unha supervisión das obras de Vilasantar na AC-194, como están neste momento, considéranse rematadas? Imos aceptar a transferencia desta travesía?
9. Cales son as obras que se van realizar e que a Conselleira de Infraestruturas e Vivenda anuncia por importe de 750.000 €? En que consisten?
10. Como está o amaño do lavadoiro de Présaras? Que previsión hai de amañar os outros lavadoiros?
11. Cal é a razón de non executar a subvención para actividades de medio ambiente "Acondicionamento de sendeiro fluvial ao longo dos ríos Gándaras, Tambre e Cabalar" por importe de 2.450 €
12. Cal é normativa que utiliza o alcalde para esixir que as preguntas se presenten con 48 horas de antelación á realización do pleno?
13. Existe algunha previsión para reformar os baños do Colexio de Présaras?
14. Cal é a razón da demanda presentada, sobre seguridade social, por parte dunha traballadora do concello?

A Coruña a 7 de febreiro de 2017.

Asdo: Álvaro García Freire
Concelleiro do BNG.

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILASANTAR

1) Modificación de crédito (1h 37' 00")

Le a pregunta o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández:

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A petición do alcalde, Fernando Pérez Fernández, o secretario interventor le un informe do que, en resume, dedúcese que “En consecuencia as modificacións orzamentarias non entrarán en vigor ata a fin de prazo de reclamacións e a súa publicación íntegra.”

A preguntas do concelleiro do BNG, Álvaro García Freire, o secretario interventor aclara que a modificación entraría por tanto en vigor no exercicio de 2017, pois non foi alegada nin recorrida, pero, estando xa pechado o exercicio de 2016, non ten efectividade.

2) Regularización de facturas boletín (1h 39' 52")

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández, di que xa se ten falado destas facturas en dous plenos, que se lles remitiu aos concelleiros as facturas, que corresponden á area de información, xuventude, cultura e turismo e consideramos que si cumpren o sentido da subvención, replicando Álvaro García Freire que esas facturas, que levou un ano atopar usáronse para unha subvención, e que, tendo en conta que houbo unha revisión das facturas, pregunta se se fixo algo con respecto á subvención, contestando o alcalde que non teñen constancia de que as facturas non cumpran co obxecto da subvención.

3) Proxectos externos e avaliación de calidade das obras (1h 42' 22")

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que a avaliación da calidade das obras realízase para cumprir co actual lexislación de contratación e, en concreto, cos pregos da deputación provincial. A continuación e tras unha breve discusión con Álvaro García Freire (BNG) di que, con respecto á elaboración externa de proxectos, é unha posibilidade que contempla a lei, de feito no POS+ a mesma deputación establece unha liña de subvencións para pagar eses proxectos, interrompendo Álvaro que a pregunta é por que agora se fan esas contratacións cando hai un técnico municipal e considerando non respondida a pregunta, producíndose unha discusión, pois o alcalde si a considera respondida, engadindo que poden coller técnicos externos, como facía antes o BNG.

4) Toma de auga no Campo da festa de Vilasantar (1h 45' 46")

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que a obra vaise realizar antes de que remate o contrato dos peóns, igual ca obra de Follente, que xa se fixo, e antes da festa de Vilasantar, producíndose un debate sobre se vai haber unha única toma ou dous e se se van facer tamén as ancoraxes e unha discusión sobre se se falara deste asunto no anterior pleno ou fora nalgún máis anterior e canto tempo vai que se dixo de facelo.

5) Aluguer da finca para a Escola de agricultura ecolóxica (1h 49' 07")

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que o último aluguer que pagamos foi o do ano 2016

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

e que xa lle entregamos o documento de rescisión de contrato, contestando José A. Cotos Seoane (BNG) que non entende como se estivo pagando o aluguer durante estes seis anos, mencionando que isto chámase malversación de fondos públicos, ante o que o alcalde pide ao secretario que anote o se acaba de dicir, e contestando que a finca estívoise utilizando e que agora xa se rescindiu o contrato, o que provoca un debate sobre o uso da finca nestes últimos cinco anos (gobierno do PP) e nos catro anos anteriores (gobierno do BNG), e se pagaban os da empresa ou o concello.

6) Saneamento de Sesmonde (1h 52' 04")

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que o concello de Vilasantar carece de saneamento na zona de Sesmonde, polo que asinou un convenio co concello de Curtis para que o leve a mesma empresa (Espina e Delfín) que lles dá servizo a eles, que ten que pagar o concello, quen lle revirte o custe aos veciños, segundo un acordo asinado polo concello con estes (7), producíndose un debate sobre os rexistros contábeis que conlevan estas actuacións e en base a que criterios (taxa) se lles cobra. Finalmente o alcalde di que é a única forma que había de darlle servizo a aqueles veciños, preguntando Álvaro García Freire se é legal ou non, iniciándose unha nova discusión.

7) Non invitación a reunión con conselleira (1h 57' 55")

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que porque nunca o fixemos e porque o BNG tampouco o facía cando gobernaba e porque non temos confianza en vós, producíndose unha discusión sobre a actuación no día da investidura deste lexislatura. A continuación Álvaro García Freire di que non é certo que o BNG non convidase aos concelleiros do PP cando gobernaban e, de feito, ten fotos de actos nos que estaban, aínda que outras veces decidiron non vir, e que sempre se lles invitaba, e que lle parece de moi mala educación que non se invite a estes actos.

8) Transferencia da travesía de Vilasantar (1h 57' 55")

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández que se asinou un convenio de transferencia da travesía que aínda non se fixo efectivo, lembrando o proceso. Que a Xunta (como a deputación) está a transferir tramos urbanos aos concellos, que a Xunta quería transferirnos tanto a travesía de Présaras como a de Vilasantar e que nós negociamos para que se fixeran obras previas. En Vilasantar xa se fixo esta actuación e en Présaras, se a queren transferir, terán que facela.

Seguidamente a concelleira do BNG Marta García Sánchez pregunta se se consideran rematadas as actuacións da Consellaría na travesía, queixándose da existencia de charcos de chuvia, contestando o alcalde que os charcos que hai son os típicos da chuvia pero non hai os charcos como había antes, replicando o concelleiro do BNG, José A. Cotos Seoane, que a actuación que se fixo é ben pobre.

9) Obras por importe de 750.000 euros (2h 03' 02")

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que a pregunta teríalla que facer ao xornal no que saíu esa noticia, pois nós non a dimos, que el o que sabe é que se van facer obras por ese importe en estradas desta comarca (ou contorna), iniciándose unha discusión en que o alcalde pide a oposición que sexa máis clara na pregunta e que a noticia está mal, dando a entender que a pregunta vai por algo máis que o que se quere preguntar.

10) Lavadoiro de Présaras e outros lavadoiros (2h 05' 26")

Le a pregunta a concelleira do BNG Marta García Sánchez:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, explicando que á parte do lavadoiro de Présaras hai máis necesidades. Agardamos amañalo antes do verán e os outros iremos aos poucos. Xa levamos amañados dou lavadoiros, o da Laxe e o de Vilasantar, o seguinte será o de Présaras e despois irán indo os demais

11) Renuncia a unha subvención (2h 06' 00")

Le a pregunta a concelleira do BNG Marta García Sánchez:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, explicando que o obxectivo tíñase que realizar con voluntariado ambiental, puxéronse bandos e chamamos por teléfono a posíbeis interesados e non se anotou ninguén. Finalmente a actuación fíxose cos traballadores do obradoiro de emprego.

12) Preguntas con 48 horas de antelación (2h 06' 58")

Le a pregunta a concelleira do BNG Marta García Sánchez:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, lendo o artigo 97.7 do Real decreto 2568/1986 (Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións locais), relacionados coa definición de “pregunta” e coa forma de contestar ás mesmas, acusando aos concelleiros da oposición de non coñecela.

A continuación explica que el quere que as preguntas estean con 48 horas de antelación á celebración do pleno porque quere que vaian na convocatoria e que a normativa, cando fala de que as preguntas presentadas por escrito con 24 horas de antelación serán contestadas normalmente no pleno a non ser que, por razóns motivadas, se deixen para a sesión seguinte, llo permite, contestando Álvaro García Freire (BNG) que iso non é unha motivación senón que é que non as contestas por que non te dá a gana. Finalmente o alcalde aclara que, como xa dixo, as tres preguntas presentadas despois das corenta e oito horas e antes das vinte e catro horas vainas contestar porque as considera importantes, manténdose unha discusión sobre se estaban presentadas ou non fóra de prazo e sobre se nese caso e segundo o ROF pódense contestar ou non, e dicindo o alcalde que hoxe é a primeira vez que a oposición presenta preguntas con vinte e catro horas de antelación e que xa dixo varias veces que as ía contestar polo que non entende a polémica, e contestando Álvaro García Freire que é a normativa que hai.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

13) Previsión de reforma dos baños do Ceip de Présaras (2h 12' 49")

Le a pregunta a concelleira do BNG Marta García Sánchez:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que houbo unha reunión co Xefe territorial e hai un compromiso de amañar, non só os baños, senón tamén outros problemas que hai no colexio. Nós, dende que estamos, mantemos os compromisos co colexio, tanto en obras como en actividades.

A continuación Marta García Sánchez pregunta se se pagou a subvención á Anpa, contestando o alcalde que se acordou hai pouco a subvención.

14) Demanda dunha traballadora do concello (2h 13' 57")

Le a pregunta a concelleira do BNG Marta García Sánchez:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que é unha denuncia do ano 2014 que se tramita agora polo xulgado, e que foi presentada porque naquel momento á traballadora se lle denegara unha incapacidade pola Seguridade social. Dende aquela houbo máis actuación respecto á traballadora coa que, de feito, xa non temos relación laboral. Remitimos as actuacións aos servizos xurídicos da deputación. Finalmente relaciona os organismos contra os que presentou a demanda.

B/ Preguntas presentadas por escrito despois da convocatoria do pleno (2h 16' 34").

A continuación dáse conta das seguintes preguntas presentadas por correo electrónico, explicando o alcalde, de novo, que non se remitiron na convocatoria por terse presentado despois de efectuada esta, producíndose unha discusión sobre cando entraron no concello (José A. Cotos Seoane, que entraron no correo electrónico do secretario á unha menos cuarto do martes, quince minutos antes das corenta e oito horas da celebración do pleno, e o alcalde, que se entraron cando a convocatoria xa estaba feita, pois leva tempo facela, que se permite presentalas preguntas por correo electrónico, etc.). O escrito de presentación reproducése a seguir:

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com



O GRUPO MUNICIPAL do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

formula as seguintes preguntas para a súa resposta en pleno

15.- Nun medio de comunicación saíu unha información sobre os orzamentos dos concellos da comarca na que o alcalde manifesta que o orzamento de Vilasantar está pendente dunha información da Deputación. Cal é a información pendente para poder facer o orzamento?

16.- Estes días están chegando unha serie de cartas nas que se lles esixe aos veciños arrincar eucaliptos e adaptarse o PXOM vixente. Que medidas tomou o concello para informar aos veciños? Realizouse algunha xestión diante da Xunta de Galiza?

17. BNG vén reclamando desde hai moito tempo un novo PXOM que se adapte as novas normas que foron saíndo. Cando estará elaborado este novo PXOM?

A Coruña a 7 de febreiro de 2017.

Asdo: Álvaro García Freire

Concelleiro do BNG.

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILASANTAR

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

15) Orzamento 2017 (2h 19' 50")

Le a pregunta o concelleiro do BNG Álvaro García Freire:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que di que a información do xornal refírese a varios concellos da provincia pendentes de aprobar os orzamentos e indica que Vilasantar está pendente de un plan da deputación para cadrar os números deste exercicio e que o alcalde espera pechala neste mes. Di que a resposta xa a está dando o xornalista, co que por certo el non falou nin lle mandou nota de prensa. En resume, están pendente de clarificarse as partidas en que se vai distribuír o POS+ 2017

16) Ordes de arrincar eucaliptos (2h 21' 45")

Le a pregunta o concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane:

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, quen explica que a Lei de Montes do 2012 prohibe as plantacións en solo rústico de protección agropecuaria. A competencia disciplinaria neste tipo de solo é da Xunta de Galicia.

A continuación le un escrito do concello de data de saída de 2 de febreiro de 2017 ao distrito forestal e ao xefe territorial da consellaría de medio rural, asinado polo propio alcalde e no que, en resume, manifesta que o Plan xeral vixente en Vilasantar é o de 1998, no que se definen cinco tipos de solo rústico, tendo tres deles (ecolóxico, protección de bacías e rota cultural) unha incidencia mínima no concello, sendo o común e o agrícola a maioría.

O rústico común comprende a practica totalidade das parroquiais de Barbeito e Présaras e o agrícola comprende a practica totalidade das parroquias de Vilariño, Armental, Vilasantar, Mezonzo e San Vicenzo. En consecuencia neste concello non existe solo rústico de protección forestal, o cal é absurdo.

Continúa o escrito que o concello está tramitando un novo PXOUM en fase de aprobación inicial (2014), definíndose de novo os solos rústicos do concello, entre eles, agora si, o forestal. O ano 2016 saíu a nova lei do solo, que só define rústico común, sen diferenciar agropecuario ou forestal.

O escrito remata solicitamos a non utilización do PXOUM de 1998 a estes efectos por non se adaptar á realidade, propondo que se faga segundo os usos de cada solo e dos seus lindeiros.

Continúa o alcalde explicando que neste momento tamén se está tramitando a concentración parcelaria que entra en certas incongruencias co novo PXOUM, que estamos a resolver, e que o novo PXOUM tamén hai que adaptalo a nova lei do solo. Ademais a empresa contratada para a redacción do Plan xeral está en crise, segundo informou verbalmente ao concello. Esta situación está atrasando, obviamente, os traballos.

Continúa explicando que presentou o escrito anterior e dixéronlle que as denuncias que se están a tramitar son do ano 2016, ou antes, que están saíndo agora para adiante. Trátase de entre seiscentas e mil denuncias, non só de Vilasantar, senón da comarca. Non hai, por tanto, denuncias novas. De

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

todos xeitos indica que hai denuncias que son razoábeis e de que dende o 2012 houbo dous anos para adaptarse.

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane (2h 33' 22") quen indica que a situación do concello dende a elaboración do PXOUM vixente (anos 90) cambiou moito, dándolle a razón o alcalde, e que agora hai menos gando e que a Xunta no 2012 debían ter feito unha campaña de concienciación para evitar que agora pase isto, que causa moito prexuízo, contestando o alcalde que o que lle transmitiu á Xunta é que empezasen polas zonas máis sensíbeis, pero actúan segundo denuncias, que non sempre son os casos máis importantes

17) Novo PXOUM (2h 37' 19")

Non se le a pregunta por considerarse que xa está respondida coa anterior

Rogos e Preguntas pendentes do pleno anterior (2h 37' 19")

A/ Farola que impide o paso ao camiión da orquestra (2h 37' 19")

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contesta que é a farola da praza, que sempre estivo aí sen problemas. Que falamos con Cortés e estamos pendentes de unha valoración para movela, replicando José A. Cotos Seoane que os camiións pasan con moita dificultade.

B/ Estado da tramitación da auga de San Vincenzo (2h 38' 14")

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contesta que está na fase de apertura dos sobres C e despois volverá a pleno, explicando o proceso polo miúdo, mencionando que houbo cinco empresas en situación de baixa temeraria, que haberá que valorar se cumpren cando presenten a xustificación.

C/ Quen son os técnicos da valoración da contratación da obra de distribución de augas a San Vincenzo e tamén do Cefae e a que empresa ou entidade están vinculados (2h 38' 14")

O concelleiro do BNG Álvaro García Freire di que os técnicos do Cefae xa está explicado.

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contesta primeiramente a situación do Cefae, indicando que só se presentou unha empresa e que o comité de expertos valoraba once criterios dos doce existentes, quedando un criterio de ata 10 puntos que ha de valorar a mesa de contratación. Despois virá ao pleno.

A continuación dá o nome e cargos dos membros do comité de valoración do contrato de distribución de augas a San Vincenzo.

D/ Estado de tramitación do PXOUM (2h 42' 56")

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, di que xa está contestado.

E/ Camiño da Lama. (2h 42' 58")

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contesta que está practicamente rematado, agás a tapa, pois di Lodeiro que ten problemas para atopala, replicando o concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane que, cara ao final de onde se está amañando, hai unha casa que se está caendo e que é a súa situación o que quere saber, contestando o alcalde que xa llo podía ter dito directamente, e que sobre esa casa ordeneille o técnico que fixese un informe e fálamos co propietario. Considera que o problema dese camiño, como moitos outros, eran as tubaxes que estaban ao descuberto e daban mal cheiro, iniciándose un debate sobre a importancia do camiño e que era unha escombreira

F/ SGAE (2h 47' 12")

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contesta que estamos a punto de asinar o convenio coa SGAE para a tarifa plana do noso concello. As comisións coido que van quedar perfectamente cubertas a partir deste ano, pero non os anos anteriores

G/ POS-2016 (2h 48' 29")

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contesta que xa está preparado para empezar os traballos

H/ Farola caída (2h 48' 36")

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, contesta que xa ten orde Cortés de amañala.

Con respecto ás outras dúas preguntas di que xa están contestadas, replicando Álvaro García Freire (BNG) que le preguntara polo tema do IBI, comprobando o alcalde que non aparece na relación de preguntas pendentes da acta anterior.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as quince horas e cincuenta minutos (duración de 2h 49' 35"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.